

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE FEBREIRO DE 2010

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/182/2010.- Manuela Castro Bello.- Legalización de soto na rúa Vista Alegre n 115.

Lic/2139/2009.- Fernando García Valle.- Adición de baixocuberta e cuberta en vivenda unifamiliar existente no lugar de Ramil nº 8.

Lic/151/2010.- José Lamas Orgueira.- Reforma e ampliación de vivenda no lugar de Rebordaos.

DENEGADAS.-

Lic/874/2008.- Silvia Miramontes Rey.- Vivenda unifamiliar no lugar de Paredes.

Lic/1081/2009.- Francisco Iglesias Anido.- Vivenda unifamiliar no lugar de San Martín de Laraño.

PARCELACIONES.-

Lic/159/2010.- Miguel Angel Sixto Prieto.- Parcelación urbanística dunha parcela sita na rúa da Mira. (+)

Lic/1121/2008.- José Ríos Sánchez, en nome e representación da entidade Ríos Sánchez e Hijos Promociones, S. L.- Modificación da licenza de parcelación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2.009 da finca nº 82 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Vilestro no sitio de Súa Ventana. (+).

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

286/2010.- Rosa Baleato Fraga.- Expte. Lic/835/2008 3.000 €.-

290/2010.- Juan Luís Suárez Antelo.- Expte. Lic/ 2997/2004 5.259 €.-

285/2010.- José Francisco Rodríguez Gómez.- Expte. Lic/104/1996 .. 200.000 ptas (1.202,02 €).

303/2010.- Castro de Abaixo Sociedade Coop. Galega de Vivendas.- Expte. Lic/1072/2005 6.000 €.-

304/2010.- Castro de Abaixo Sociedade Coop. Galega de Vivendas.- Expte. Lic/1073/2005 36.000 €.-

OCIHR

LIC/195/2009.- SACYR SA U.- instalación provisional Grúa Torre en avenida de Rodrigo de Padrón.

4 a 26.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da modificación da estrutura organizativa e relación de postos de traballo.

Apróbanse as modificacións da estrutura organizativa e relación de postos de traballo para adaptala ao contido do cadro de persoal para 2009 e ás previsións que contén o acordo regulador-convenio colectivo das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas referente á aprobación do Anexo ao proxecto modificado sen variación económica do proxecto básico e de execución: adecuación e actualización do proxecto de restauración da antiga Calzada do Sar, que detalla constructivamente os extremos da calzada no seu contacto coa rúa do Cruceiro de Sar.

Apróbase o proxecto así como o seu anexo, que detalla construtivamente os extremos da Calzada do Sar no seu contacto coa rúa Cruceiro de Sar.

29.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao recurso no proxecto de expropiación para ampliación do Campus universitario (PE-8).

Rexéitase un recurso.

30.- Proposta da alcaldía relativa á designación dos membros do órgano de participación cidadá do proxecto Urbana Santiago Norte, aprobación das normas de funcionamento e celebración da asemblea constituínte.

Desígnase as seguintes entidades como membros do órgano de participación do Proxecto Urbana en representación das asociacións veciñais e demais axentes sociais localizados nos barrios da zona norte de Santiago, que constitúen o ámbito de actuación do proxecto Urbana: asociación de veciños "A Xuntanza", asociación de veciños "Ponte do Romáño-San Xoán de Afora", UGT-Compostela, Confederación Intersindical Galega, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Asociación Plataforma polo Emprego.

Apróbanse as normas que rexerán o funcionamento e procédese á celebración da asemblea constituínte.

31.- Fondo Estatal de Sostenibilidade Local.

Acórdanse as seguintes contratacións:

CONTRATO	TITULO	IMPORTE BASE ADXUDICACIÓN	IVE (16%)	TOTAL
REDACCIÓN PROXECTO	Construcción de Pistas de Tenis e Paddle en Sar	17.990,00	2878,40	20.868,40
DIRECCIÓN FACULTATIVA	Construcción de Pistas de Tenis e Paddle en Sar	14.384,01	2301,44	16.685,45
REDACCIÓN PROXECTO	Adecuación, rehabilitación e mellora de locais para atención a persoas maiores e centro de uso socio- cultural: Local das Avoas Pontepedriña + Centro Sociocultural	8.505,00	1360,80	9.865,80
DIRECCIÓN FACULTATIVA	Adecuación, rehabilitación e mellora de locais para atención a persoas maiores e centro de uso socio- cultural: Local das Avoas Pontepedriña + Centro Sociocultural	4.995,00	799,20	5.794,20
REDACCIÓN PROXECTO	Proxecto de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede da auga e renovación das instalacións de alumbrado público co obxecto de reducir o consumo enerxético, na rúa Torreira no Romáño	12.000	1920,00	13.920,00
DIRECCIÓN FACULTATIVA	Proxecto de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede da auga e renovación das instalacións de alumbrado público co obxecto de reducir o consumo enerxético, na rúa Torreira no Romáño	6.997,91	1119,67	8.117,58

Así mesmo, por Resolución do Secretario de Estado de Cooperación Territorial de data 12.02.2010, foi autorizado o financiamento dos proxectos que se citan polo que, unha vez solicitadas as correspondentes ofertas propónse á Xunta de Goberno Local a adxudicación dos seguintes contratos menores:

CONTRATO	TITULO	IMPORTE BASE ADXUDICACIÓN	IVE (16%)	TOTAL
DIRECCIÓN FACULTATIVA	Construcción de Campo Fútbol en Santa María de Vilvestro	17.560,40	2.809,66	20.370,06
OBRA MENOR	Renovación e modernización das instalacións de alumeadado no Cuartelillo da Policía Local, co obxecto de reducir o consumo enerxético	39.230,58	6.276,89	45.507,47

Tamén se adxudican definitivamente o contrato do servizo de redacción de proxecto básico e de execución das obras do complexo deportivo en Vilvestro por importe de 33.298,38 euros e o servizo de redacción do proxecto básico, proxecto de execución con instalacións e proxecto de seguridade e saúde para a construción do centro sociocultural de Santa Marta por importe de 51.156 euros.

32.- Renuncia do órgano de contratación á celebración do contrato de Reforzo do firme das vías públicas municipais- 2009.

Acórdase renunciar á celebración do contrato de referencia así como encomendar aos servizos municipais correspondentes a elaboración dun novo prego cun prazo de licitación axeitado para acometer os traballos de reforzo de firme de vías públicas municipais no presente exercicio 2010.

33.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das obras de Reforzo de firme de vías públicas municipais 2010.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 948.275,86 euros.

34.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de Reurbanización de contornos urbanos de acceso á cidade: Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 55.018,54 euros.

35.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de Reurbanización de contornos urbanos de acceso á cidade: Rosalía de Castro, desde Romero Donallo-Santa Marta.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 43.172,27 euros.

36.- Adxudicación Provisional do contrato de Dirección facultativa das obras correspondentes a "Reurbanización dos entornos urbanos de acceso á cidade: Galeras-Salvadas-Vista Alegre".

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO, SA, por importe de 48.000 euros.

37.- Adxudicación Provisional do contrato de Dirección facultativa das obras correspondentes a: "Reurbanización dos entornos urbanos de acceso á cidade: "Rosalía de Castro, desde Romero Donallo -Santa Marta - Choupana - Volta do Castro".

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa PROYFE, SL, por importe de 42.000 euros.

38.- Adxudicación do Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e dirección facultativa das obras de Rehabilitación de aparcamento público en Salgueiriños.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 16.513,71 euros.

39.- Inicio do expediente de Adecuación de Ludoteca.

Acórdase o inicio do devandito proxecto por un importe de 98.962,26 euros.

40.- Adxudicación provisional da xestión da Escola Municipal de Música.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa TROBEIRO SL, por importe de 207.905,32 euros.

41.- Retirada de transformador de enerxía eléctrica ubicado na rúa San Clemente.

Adxudícanse os traballos á empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, por importe de 205.181,45 euros.

42.- Obras de Reforma interior para a recuperación da Escola Infantil do parque do Hórreo (Tras Parlamento).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, por importe de 263.000 euros, gasto que se financiará con cargo ao convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de prestacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

Procédese ao aboamento das devanditas horas.

2.- Propostas das concelleiras delegadas de Benestar Social e Persoal relativas aos acordos de datas 9 e 16 de febreiro, de provisión de 2 prazas de psicólogo.

Acórdase que as retribucións serán equivalentes ao subgrupo A1 con nivel 20.